

Resolución do 8 de xaneiro de 2026, da Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa pola que se convoca a selección de centros docentes públicos dependentes da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional para a súa incorporación ao Consorcio Erasmus+ Galemundo dentro da acción clave 1 no Sector de Educación Escolar na convocatoria de propostas ERASMUS+ 2026 da Comisión Europea

A Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación, modificada pola Lei orgánica 3/2020, do 29 de decembro, establece como un dos fins do sistema educativo español, a capacitación para a comunicación na lingua oficial e cooficial, se a houbera, e nunha ou máis linguas estranxeiras. Así mesmo, dispón como un dos recursos para a mellora das aprendizaxes e apoio ao profesorado o establecemento de programas de reforzo da aprendizaxe das linguas estranxeiras.

A Resolución do Consello de Europa do 26 de febreiro de 2021, relativa ao marco estratéxico para a cooperación europea no ámbito da educación e a formación cara ao Espazo Europeo de Educación e máis aló (2021-2030), publicada no Diario Oficial da Unión Europea, establece a mobilidade do alumnado como un elemento fundamental para a cooperación dentro da Unión Europea. Esta mobilidade é considerada unha ferramenta clave para mellorar a calidade e a inclusión na educación, así como para promover o multilingüismo e fortalecer a diversidade cultural na Unión Europea. A resolución destaca a importancia de facilitar experiencias educativas internacionais como medio para fomentar competencias transversais, a interculturalidade e unha maior cohesión social entre os Estados membros.





En liña con eses propósitos, a estratexia de linguas estranxeiras, EDUlingüe2030, para o fomento e o desenvolvemento de programas de plurilingüismo da Consellería, contempla medidas e accións para mellorar a competencia lingüística en linguas estranxeiras do alumnado galego. A liña de impacto 7 "Programa de inmersión lingüística activa" contempla estadias no estranxeiro que permitan a formación integral do alumnado para o seu enriquecemento persoal, académico e profesional. Por outra banda, na liña de impacto 8, "Acción para a mellora da competencia comunicativa: mobilidades e intercambios" conflúen un abano de programas que promoven estas modalidades de estadias en réxime de reciprocidade.

Para a Consellería a mobilidade do alumnado e do profesorado representa tamén unha liña prioritaria de actuación. Neste senso, o programa Galemundo en consonancia coa Estratexia EDUlingüe2030, impulsa a internacionalización dos centros educativos e fomenta os intercambios de formación educativa e lingüística no exterior, facilitando ao alumnado e ao profesorado a oportunidade de mellorar as súas competencias en diferentes materias, realizar prácticas e/ou observar o proceso de ensino-aprendizaxe no estranxeiro a través de iniciativas como Erasmus+ e outros programas e actuacións.

A Resolución do 14 de febreiro de 2025 do Servizo Español para a Internacionalización da Educación (SEPIE) pola que se publican as listaxes definitivas de solicitudes seleccionadas e rexeitadas da Acción Clave 1 – Mobilidade educativa das persoas- Acreditación Erasmus nos ámbitos da Educación Escolar, da Formación Profesional e da Educación de Persoas Adultas (KA120-SCH, KA120-VET, KA120-ADU), correspondentes á Convocatoria de



Propostas do programa Erasmus+ 2024, para o período 2025-2027, onde figura a Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional como centro acreditado no Sector da Educación Escolar para o período do 01/02/2025 ao 31/12/2027, co código 2024-1-ES01-KA120-SCH-000292866, e cuxo Plan Erasmus establece como obxectivos principais ampliar a internacionalización da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional e dos centros educativos públicos galegos, facilitando o seu acceso a proxectos Erasmus+ e garantindo a inclusión e a igualdade; mellorar a competencia en comunicación lingüística e plurilingüe, así como a competencia en conciencia e expresión culturais no marco da Unión Europea; fomentar o desenvolvemento das competencias dixitais e STEM do alumnado e profesorado, promovendo o seu uso seguro, sostible, crítico e responsable; contribuír á mellora da comprensión lectora do alumnado a través das bibliotecas dos centros educativos galegos; e coñecer a xestión das inspeccións educativas doutros países europeos no ámbito da atención á diversidade.

A Resolución do 15 de febreiro de 2025, da Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa constituíu, con carácter experimental, o Consorcio Erasmus+ Galemundo coordinado pola Consellería dentro da Acción Clave 1 no sector de Educación Escolar na convocatoria de propostas Erasmus+ 2025 da Comisión Europea, coa incorporación de 12 centros educativos, cuxa continuidade e ampliación se busca consolidar coa presente Resolución.

De acordo co anteriormente exposto, esta Dirección Xeral, **RESOLVE:**

Primeiro. Obxecto e ámbito de aplicación

A presente resolución ten como obxecto regular a convocatoria e selección de



centros docentes públicos de ensino non universitario dependentes da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional, que impartan ensinanzas de educación secundaria obrigatoria e/ou bacharelato durante o curso 2025-26 e 2026-27, para adherirse ao Consorcio Erasmus+ Galemundo coordinado pola Consellería dentro da Acción Clave 1 no Sector de Educación Escolar na convocatoria de propostas Erasmus+ 2026 da Comisión Europea, así como dar continuidade aos centros docentes xa incorporados.

Segundo. Modalidades de participación

Modalidade 1: Centros de continuidade

Poderán participar nesta modalidade os centros que se incorporaron ao Consorcio Erasmus+ Galemundo na Resolución do 15 de febreiro de 2025, da Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa pola que se constitúe, con carácter experimental, o Consorcio Erasmus+ Galemundo.

Modalidade 2: Centros de nova incorporación ao Consorcio Erasmus+ Galemundo

Poderán participar nesta modalidade os centros docentes públicos de ensino non universitario dependentes da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional, que impartan ensinanzas de educación secundaria obrigatoria e/ou bacharelato durante o curso 2025-26 e 2026-27 que cumpran cos seguintes requisitos de participación:

- a. Non ter sido seleccionado para a realización dun proxecto Erasmus+ KA122 no Sector de Educación Escolar para o período 2021-27.
- b. Non estar acreditado no Sector de Educación Escolar para a realización de proxectos Erasmus+ para o período 2021-27.
- c. Non ser membro dun consorcio de mobilidade Erasmus+ no Sector de





Educación Escolar.

Terceiro. Obxectivo e características do Consorcio Erasmus+ Galemundo

O Consorcio Erasmus+ Galemundo, en diante "Consorcio" ten como obxectivo promover a internacionalización e desenvolver mobilidades do alumnado.

Este Consorcio actuará baixo a coordinación da Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa, a través da asesoría de Internacionalización da educación do Servizo de Innovación e Programas Educativos (en diante Coordinador do Consorcio).

- 1) O Consorcio estará formado por 16 centros seleccionados de entre todos os centros candidatos.

En cada modalidade, o número de centros será de:

- a. Na modalidade 1: 12 centros.
 - b. Na modalidade 2: 4 centros.
- 2) O período de adscrición ao Consorcio será do 1 de xuño de 2026 ao 31 de agosto de 2027.
 - 3) As mobilidades estarán dirixidas ao alumnado de educación secundaria obrigatoria e/ou bacharelato que estea matriculado nos centros educativos do Consorcio no curso 2026-27.
 - 4) Os centros educativos poderán ofertar ao seu alumnado os seguintes tipos de mobilidades de aprendizaxe:
 - a) Mobilidades de aprendizaxe de curta duración do alumnado (de 10 a 29 días).
 - b) Mobilidades en grupo de alumnado (de 2 a 5 días).
 - 5) A distribución do número de mobilidades será a que autorice o Coordinador do Consorcio en base aos fondos adxudicados na convocatoria do SEPIE de





proxectos acreditados no Sector de Educación Escolar (KA121-SCH) de 2026.

- 6) Cada centro educativo do Consorcio deberá ofertar un único fluxo de mobilidades simultáneo, a un único centro europeo.
- 7) As actividades de mobilidade contribuirán ao desenvolvemento dos obxectivos do Plan Erasmus da Acreditación da Consellería.

Cuarto. Coordinación nos centros educativos

Cada centro seleccionado deberá constituír, ao inicio do curso 2026-27, un Equipo Erasmus composto, polo menos, por dous docentes, un dos cales deberá pertencer ao equipo directivo. O Claustro e o Consello Escolar serán informados da constitución deste equipo.

A dirección de cada un dos centros educativos seleccionados nomeará unha persoa coordinadora do equipo Erasmus+ que, en colaboración co Servizo de Innovación e Programas Educativos, será a encargada de coordinar as actuacións descritas no apartado quinto desta resolución.

Quinto. Compromisos dos centros seleccionados

1. Cumprir e respectar as *Normas de calidade Erasmus* contidas no anexo I.
2. Realizar o rexistro na plataforma da Comisión Europea e as xestións administrativas necesarias para formar parte dun consorcio Erasmus, co apoio do Servizo de Innovación e Programas Educativos.
3. Aprobar a devandita adhesión no Consello Escolar, previa información ao Claustro con anterioridade á presentación da solicitude.
4. Asinar a declaración responsable de adhesión ao Consorcio contida no anexo II.
5. Recoller a participación, planificación e avaliación do programa na





Programación Xeral Anual do curso 2026-27.

Sexto. Solicitudes e prazo de presentación

1. As solicitudes, de continuidade e de nova incorporación, realizaranse a través da aplicación informática: <https://www.edu.xunta.gal/programaseducativos/>, seleccionando en Programas de Éxito Educativo a pestana Consorcio Erasmus+ Galemundo 2026-27. A persoa responsable da dirección do centro, ou persoa autorizada, será quen teña o permiso para a súa creación e presentación. Unha vez rematado o proceso de solicitude xerarase un documento no buzón de informes que será custodiado no centro educativo.
2. O prazo de presentación de solicitudes será de quince días hábiles, contados a partir do día seguinte á publicación desta resolución no Portal Educativo (<https://www.edu.xunta.gal/portal/>).

Sétimo. Criterios de selección

Os centros da modalidade 2 serán seleccionados conforme aos seguintes criterios e puntuación:

- 1) Participación en eTwinning: máximo 3 puntos.
 - a) O centro recibiu o distintivo eTwinning School en 2025 para o bienio 2025-26: 1 punto
 - b) O centro conta cunha persoa Embaixadora eTwinning no curso 2025-26: 1 punto
 - c) O centro participou no Plan Proxecta no programa Patrimonio Cultural Europeo en Colaboración en eTwinning no curso 2024-25 cunha valoración positiva da memoria final: 1 punto
- 2) Centros sen experiencia en intercambios escolares presenciais: máximo 1





punto.

- a) O centro non participou na convocatoria de Intercambios Escolares da Consellería (EduExchanges, EduFrance e EduMob) no curso 2025-26: 1 punto
- 3) Participación en proxectos de innovación: máximo 4 puntos.
 - a) Innova-Lab: O centro desenvolveu un proxecto na modalidade Interlab no curso 2024-25, cunha valoración positiva da memoria final: 1 punto
 - b) Club de Ciencia: O centro participou na convocatoria Club de Ciencia para centros docentes públicos durante o curso 2024-25: 1 punto
 - c) Radio na Biblio: O centro participou na convocatoria Radio na Biblio para centros docentes públicos durante o curso 2024-25: 1 punto
 - d) Biblioteca Creativa: O centro participou na convocatoria Biblioteca Creativa para centros docentes públicos durante o curso 2024-25: 1 punto
- 4) Número de habitantes do concello no que está situado o centro educativo: máximo 1,5 puntos.
 - a) Concellos de ata 3.000 habitantes: 1,5 puntos
 - b) Concellos de entre 3.001 e 5.000 habitantes: 1 punto
 - c) Concellos de entre 5.001 e 10.000 habitantes: 0,5 punto

Para a valoración das solicitudes, de acordo cos citados criterios de selección, consultaránse de oficio os datos correspondentes que constan nesta administración educativa e no Instituto Galego de Estatística (IGE).

Soamente se tomarán en consideración as circunstancias xustificables a data de finalización do prazo de presentación de solicitudes.



Oitavo. Instrución do procedemento e resolución definitiva

1. O órgano instrutor do procedemento será o Servizo de Innovación e Programas Educativos, dependente da Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa.
2. A valoración das solicitudes presentadas realizarase, considerando que se cumpran os requisitos estipulados nesta convocatoria, de acordo cos criterios e baremo establecidos no apartado sétimo.

En caso de empate entre os centros, dirimirase atendendo sucesivamente aos seguintes criterios:

- 1º. Criterio 1. Participación en eTwinning.
- 2º. Criterio 2. Centros sen experiencia en intercambios escolares presenciais.
- 3º. Criterio 3. Participación en proxectos de innovación.
- 4º. Criterio 4. Número de habitantes do concello no que está situado o centro educativo.
- 5º. Se tras a aplicación do procedemento de desempate indicado nos puntos anteriores houberse centros coas mesmas puntuacións, levarase a cabo un sorteo público cuxa celebración se anunciará no Portal Educativo (<https://www.edu.xunta.gal/portal/>).

3. O órgano instrutor, previo exame das solicitudes presentadas e da realización, de ser o caso, do trámite de emenda, emitirá unha proposta de resolución que incluírá a listaxe de centros provisionalmente seleccionados, de centros suplentes e de centros excluídos, con indicación do motivo de exclusión, para a participación no Consorcio. Esta resolución provisional publicarase no portal educativo desta Consellería (<http://www.edu.xunta.gal/portal/>).

No caso de non cubrirse o número de centros na modalidade 1, por proposta motivada do órgano instrutor, a persoa titular da Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa poderá acordar a redistribución dos centros na modalidade 2.



4. Logo da publicación da dita proposta de resolución abrírase un prazo de 3 días hábiles para efectuar reclamacións ou renuncias ante o órgano instructor. As reclamacións e renuncias dirixiranse á Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional, Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa e presentarase obrigatoriamente por medios electrónicos na Sede Electrónica da Xunta de Galicia (<http://sede.xunta.gal>) a través do formulario correspondente ao procedemento de presentación electrónico normalizado (código PR004A), que se deberá identificar coa denominación *Consortio Erasmus+ Galemundo*. Para a súa presentación poderá empregarse calquera dos mecanismos de identificación e sinatura admitidos pola sede electrónica da Xunta de Galicia, incluído o sistema de clave Chave365 (<http://sede.xunta.gal/tramites-e-servizos/chave365>).

Para os efectos de axilizar o proceso, enviarase copia delas ao enderezo electrónico programas.europeos@edu.xunta.gal identificada coa denominación *Consortio Erasmus+ Galemundo*.

5. Transcorrido este prazo, e trala súa análise e valoración, o órgano instructor elevará a proposta de resolución definitiva á persoa titular da Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa.

6. A Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa, de acordo coa proposta do órgano instructor, resolverá definitivamente a convocatoria, que se publicará no portal educativo <http://edu.xunta.gal/portal/> e incluírá a listaxe de centros definitivamente seleccionados e de centros suplentes. As reclamacións e renuncias presentadas entenderanse aceptadas ou rexeitadas coa publicación desta resolución definitiva.

7. Contra esa resolución, que non esgota a vía administrativa, poderase interpoñer recurso de alzada ante a persoa titular da Consellería no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao da súa publicación no Portal Educativo,



segundo o disposto nos artigos 121 e 122 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

8. O prazo máximo para resolver este procedemento será de tres meses. Se transcorrese o citado prazo sen que recaese resolución expresa, as persoas interesadas poderán entender desestimadas as súas solicitudes por silencio administrativo.

Noveno. Modificación da resolución

Poderá modificarse a resolución definitiva en caso de renuncia á participación no Consorcio de centros definitivamente seleccionados, consonte co establecido no apartado oitavo, para incorporar centros suplentes segundo a orde de prioridade establecida pola puntuación obtida.

Así mesmo, na modalidade 2, poderá incrementarse o número de centros adscritos cando exista financiamento dispoñible e cando, de acordo cos obxectivos do Plan Erasmus, se considere conveniente a súa adhesión ao Consorcio, sen que iso supoña a modificación dos criterios de selección.

Décimo. Certificación de participación do profesorado

Unha vez rematada a adscrición ao Consorcio e entregada a documentación requirida, o Coordinador do Consorcio solicitará o recoñecemento de participación en Programas Europeos do profesorado que conforma o Equipo Erasmus de cada centro educativo do Consorcio. A devandita certificación está regulada pola Resolución do 9 de decembro de 2024, da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos, pola que se regulan o recoñecemento, a certificación e o rexistro da participación do profesorado en proxectos europeos como actividades de formación permanente do profesorado.



Décimo primeiro. Información básica sobre protección de datos de carácter persoal

1. Os datos persoais obtidos neste procedemento serán tratados na súa condición de responsable pola Xunta de Galicia, Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional, coa finalidade de levar a cabo a tramitación administrativa que derive da xestión deste procedemento.
2. O tratamento dos datos baséase no cumprimento dunha misión de interese público ou no exercicio de poderes públicos, conforme á normativa aplicable e as referencias recollidas en <https://www.xunta.gal/informacion-xeral-proteccion-datos>. Con todo, determinados tratamentos poderán fundamentarse no consentimento das persoas interesadas e esta circunstancia reflectirase no devandito formulario.
3. As persoas interesadas poderán acceder, rectificar e suprimir os seus datos, así como exercer outros dereitos ou retirar o seu consentimento, a través da sede electrónica da Xunta de Galicia ou presencialmente nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común, segundo se explicita na información adicional recollida en <https://www.xunta.gal/proteccion-datos-persoais>.
4. No caso de existir diferentes referencias normativas en materia de protección de datos persoais neste procedemento, prevalecerán en todo caso aquelas relativas ao Regulamento (UE) 2016/679, Xeral de Protección de Datos ou a Lei orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais.

Décimo segundo. Eficacia

Esta resolución producirá efectos a partir do día seguinte ao da súa publicación no Portal Educativo da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación





XUNTA
DE GALICIA

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN,
CIENCIA, UNIVERSIDADES E
FORMACIÓN PROFESIONAL



Cofinanciado por
la Unión Europea

Profesional.

Asinado dixitalmente en Santiago de Compostela.

Judith Fernández Novoa

Directora xeral de Ordenación e Innovación Educativa.

Asinado por: JUDITH FERNANDEZ NOVOA
Cargo: Directora Xeral
Data e hora: 08/01/2026 20:48:49

Edificio Administrativo
San Caetano, s/n
15781 Santiago de Compostela
www.edu.xunta.gal



Anexo I.

Normas de calidade Erasmus

I. Principios básicos.

- **Inclusión e diversidade:** as organizacións beneficiarias deben respectar os principios de inclusión e diversidade en todos os aspectos das súas actividades. Deben garantir unhas condicións xustas e equitativas para todas as persoas participantes.
- **Sempre que sexa posible,** as organizacións beneficiarias deben facer participar activamente e involucrar nas súas actividades a participantes con menos oportunidades. As organizacións beneficiarias deben aproveitar ao máximo as ferramentas e o financiamento previstas para o efecto polo programa.
- **Sostibilidade e responsabilidade ambientais:** as organizacións beneficiarias deben promover entre os seus participantes un comportamento responsable e sostible desde o punto de vista ambiental. Deben aproveitar ao máximo o financiamento proporcionado polo programa para apoiar os medios de viaxe sostibles.
- **Educación dixital,** incluíndo cooperación virtual, mobilidade virtual e mobilidade combinada: as organizacións beneficiarias deben utilizar ferramentas dixitais e métodos de aprendizaxe para complementar as súas actividades de mobilidade física e mellorar a cooperación coas organizacións asociadas. Para iso deben aproveitar ao máximo as ferramentas dixitais, as plataformas en liña e outras oportunidades que ofrece o programa para este fin.
- **Participación activa na rede de organizacións Erasmus+:** un dos principais obxectivos do Programa é apoiar o desenvolvemento do Espazo Europeo de Educación. As organizacións beneficiarias deben tratar de converterse en membros activos da rede Erasmus, por exemplo, acollendo participantes doutros

países, ou participando en intercambios de boas prácticas e outras actividades de contacto organizadas polas axencias nacionais ou outras organizacións. As organizacións con experiencia deben compartir os seus coñecementos con outras organizacións que teñen menos experiencia no Programa proporcionando asesoramento, tutoría ou outro tipo de apoio. Cando sexa relevante, as organizacións beneficiarias deberían alentar aos seus participantes para participar en actividades e redes de antigos alumnos.

II. Boa xestión das actividades de mobilidade.

- Mantemento da titularidade das tarefas fundamentais: as organizacións beneficiarias deben manter a titularidade das tarefas fundamentais de execución e non poden externalizalas a outras organizacións.
- As tarefas fundamentais inclúen a xestión financeira dos fondos do programa, o contacto coa Axencia Nacional, a presentación de informes sobre as actividades realizadas, así como todas as decisións que afecten directamente o contido, a calidade e os resultados das actividades executadas (como a elección do tipo de actividade, a duración e a organización de acollida, a definición e a avaliación dos resultados do aprendizaxe, etc).
- Organizacións de apoio, transparencia e responsabilidade: nos aspectos prácticos da execución do proxecto, as organizacións beneficiarias poderán recibir asesoramento, asistencia ou servizos doutras organizacións, sempre que as organizacións beneficiarias manteñan o control sobre o contido, a calidade e os resultados das actividades levadas a cabo, tal e como se describe no punto relativo ás tarefas fundamentais.
- Se as organizacións beneficiarias utilizan fondos do programa para pagar a outras organizacións co fin de levar a cabo tarefas de xestión e execución

específicas, as obrigas destas organizacións deben definirse formalmente para garantir o cumprimento das Normas de calidade Erasmus e a protección dos fondos da Unión. Os seguintes elementos deben incluírse no acordo formal entre o beneficiario e o prestador do servizo: as tarefas que deben levar a cabo, os mecanismos de control da calidade, as consecuencias en caso de ausencia de resultados ou resultados insatisfactorios e mecanismos de flexibilidade en caso de cancelación ou reprogramación dos servizos acordados que garantan unha distribución xusta e equilibrada dos riscos en caso de acontecementos imprevistos. A documentación que defina estas obrigas debe estar ao dispor da Axencia Nacional para a súa revisión.

- As organizacións que apoiem á persoa beneficiaria, de maneira remunerada ou voluntaria, mediante tarefas de xestión e execución específicas, serán consideradas organizacións de apoio e deberán estar rexistradas nas ferramentas oficiais de elaboración de informes. A participación das organizacións de apoio debe achegar beneficios claros ao desenvolvemento organizativo da organización beneficiaria e á calidade das actividades de mobilidade.
- En todos os casos, a organización beneficiaria seguirá sendo responsable dos resultados e a calidade das actividades realizadas, independentemente da participación doutras organizacións.
- Achegas abonadas polas persoas participantes: como forma de cofinanciamento, a organización beneficiaria poderá pedir achegas ás persoas participantes das actividades de mobilidade para pagar os bens e servizos necesarios para a realización das devanditas actividades. As contribucións das persoas participantes deben ser proporcionais á subvención concedida para a realización da actividade, xustificarse claramente, cobrarse sen ánimo de lucro e non poñer obstáculos inxustos á participación (especialmente no que se refire aos participantes con menos oportunidades). As organizacións de apoio ou outros provedores de

servizos seleccionados pola organización beneficiaria non poden cobrar taxas adicionais ou outras achegas ás persoas participantes.

- Integración dos resultados das actividades de mobilidade na organización: as organizacións beneficiarias deben integrar os resultados das actividades de mobilidade implementadas (por exemplo, os coñecementos adquiridos polo persoal no desenvolvemento profesional) no seu traballo habitual, a fin de beneficiar á organización no seu conxunto, ao seu persoal e ao seu alumnado.
- Desenvolvemento de capacidades: as organizacións beneficiarias deben utilizar os fondos do programa (e, en particular, o apoio organizativo) de maneira que aumente gradualmente a súa capacidade para traballar a escala internacional sobre unha base sostible a longo prazo. Desta forma, poderán beneficiarse todas as organizacións dun consorcio de mobilidade.
- Actualizacións periódicas: as organizacións beneficiarias deben codificar periodicamente a información sobre as actividades de mobilidade previstas e terminadas nos instrumentos proporcionados para ese efecto pola Comisión Europea.
- Recompilación e uso dos comentarios das persoas participantes: as organizacións beneficiarias deben asegurarse de que as persoas participantes completan o informe tipo sobre as súas actividades, facilitado pola Comisión Europea. As organizacións beneficiarias deben utilizar as opinións facilitadas polas persoas participantes para mellorar as súas actividades futuras.
- Asignación de tarefas: A asignación de tarefas entre o coordinador e as organizacións membro debe acordarse de antemán. As tarefas (incluídas as tarefas básicas) deben dividirse da maneira que mellor permita ás organizacións participantes perseguir os seus obxectivos e desenvolver novas capacidades.
- Asignación de fondos: o financiamento concedido para as actividades do

consorcio debe dividirse entre o coordinador do consorcio e as organizacións membros de maneira xusta e transparente, en proporción ás tarefas e necesidades das organizacións participantes.

- Toma de decisións conxunta: as organizacións membros do consorcio deben participar nas decisións que afecten as súas actividades e aos seus participantes.
- Elección e colaboración con organizacións de acollida: as organizacións membros do consorcio deben participar na elección das organizacións de acollida e deben ter a posibilidade de contactalas directamente.
- Intercambio de coñecementos e recursos: se o coordinador formou o consorcio para promover e coordinar as actividades do programa no seu ámbito de responsabilidade, debe desempeñar un papel activo no desenvolvemento da capacidade das organizacións membros do consorcio, por exemplo, impartindo formación ao seu persoal, poñéndoo en contacto con novos socios de acollida ou demostrando boas prácticas.
- Neste tipo de consorcio, o coordinador debe apoiar activamente ás organizacións membros no cumprimento das Normas de calidade Erasmus e garantir que os membros do consorcio participen adecuadamente nas tarefas que afecten directamente aos seus participantes (por exemplo, a selección, o seguimento ou a definición dos resultados da aprendizaxe).

III. Calidade e apoio ás persoas participantes.

- Disposicións prácticas: as organizacións beneficiarias deben garantir a calidade das medidas prácticas e loxísticas (viaxe, aloxamento, solicitudes de visado, seguridade social etc.). Se estas tarefas se delegan na persoa participante ou nun provedor de servizos, a organización beneficiaria seguirá sendo responsable en última instancia de verificar a súa subministración e calidade.

- Saúde, seguridade e respecto da normativa aplicable: todas as actividades deben organizarse cun alto nivel de seguridade e protección para as persoas participantes implicadas e deben respectar toda a normativa aplicable (por exemplo, en relación co consentimento parental, a idade mínima das persoas participantes etc.). As organizacións beneficiarias deben asegurarse de que os seus participantes dispoñen da cobertura de seguro adecuada, tal como se define nas normas xerais do programa e no Regulamento aplicable.
- Selección das persoas participantes: As persoas participantes deben ser seleccionadas mediante un procedemento de selección transparente, xusto e inclusivo.
- Preparación: as persoas participantes deberán recibir unha preparación adecuada referida aos aspectos práctico, profesional e cultural da súa estancia no país de acollida. A preparación debe organizarse en colaboración coa organización de acollida (e, se procede, as familias anfitrías).
- Supervisión e titorización: cando cumpra, sobre a base das características da actividade, as organizacións de envío e de acollida deberán seleccionar a unha persoa titora ou persoa a cargo similar que fará un seguimento da persoa participante durante a súa estancia na organización de acollida e axudarlle a alcanzar os resultados da aprendizaxe desexados. Debe prestarse especial atención á presentación e á integración das persoas participantes na organización de acollida, así como á supervisión do proceso de aprendizaxe.
- Apoio durante o desenvolvemento da actividade: as persoas participantes deberán poder solicitar e recibir apoio das súas organizacións de acollida e envío en calquera momento durante a súa actividade de mobilidade. As persoas de contacto en ambas as organizacións, os medios de comunicación e os protocolos en caso de circunstancias excepcionais deben definirse antes de que teña lugar a actividade de mobilidade. Todas as persoas participantes deben ser informadas

destes acordos.

- Apoio lingüístico: a organización beneficiaria deberá garantir unha formación lingüística adecuada, adaptada ás necesidades persoais e profesionais das persoas participantes. No seu caso, a organización beneficiaria deberá optimizar o uso dos instrumentos e fondos específicos achegados polo programa para este fin.
- Definición dos resultados de aprendizaxe: os resultados de aprendizaxe previstos para o período de mobilidade deberán acordarse para cada participante ou grupo de participantes. Os resultados de aprendizaxe deben acordarse entre as organizacións de envío e de acollida, así como a persoa participante (no caso de actividades individuais). A forma do acordo dependerá do tipo de actividade.
- Avaliación dos resultados de aprendizaxe: os resultados de aprendizaxe e outros beneficios para os participantes deben avaliarse sistematicamente. Os resultados da avaliación deben analizarse e utilizarse para mellorar as actividades futuras.
- Recoñecemento dos resultados da aprendizaxe: os resultados da aprendizaxe formal, informal e non formal e outros resultados alcanzados polas persoas participantes nas actividades de mobilidade deben ser debidamente recoñecidos na súa organización de envío. Sempre que sexa posible, deben utilizarse os instrumentos europeos e nacionais dispoñibles para o recoñecemento.

IV. Compartir os resultados e os coñecementos sobre o programa.

- Compartir os resultados dentro da organización: as organizacións beneficiarias deben facer que a súa participación no programa sexa amplamente coñecida na organización e crear oportunidades para que as persoas participantes compartan as súas experiencias de mobilidade cos seus homólogos. No caso dos consorcios de mobilidade, o intercambio debe producirse en todo o consorcio.
- Compartir os resultados con outras organizacións e o público: as organizacións

beneficiarias deben compartir os resultados das súas actividades con outras organizacións e o público.

- Recoñecemento público dos fondos da Unión Europea: as organizacións beneficiarias deben dar a coñecer a súa participación no programa na súa comunidade e entre o público en xeral. A organización beneficiaria tamén debe informar a todas as persoas participantes sobre a fonte da súa subvención.

Anexo II.

DECLARACIÓN RESPONSABLE DE ADHESIÓN AO CONSORCIO ERASMUS+ GALEMUNDO

A Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional dispón da Acreditación Erasmus+ no sector de Educación Escolar. No marco desta convocatoria de 2026, a Consellería constitúe un consorcio para a mobilidade do alumnado dos centros educativos deste sector, coordinado directamente desde a propia Consellería. O devandito Consorcio Erasmus+ Galemundo, ten unha duración de quince meses, comprendida entre o 1 de xuño de 2026 e o 31 de agosto de 2027. Os centros educativos interesados en participar no Consorcio adhírense ao mesmo mediante esta declaración responsable de adhesión, asumindo os compromisos derivados da súa participación e comprometéndose a colaborar activamente no desenvolvemento das actuacións previstas, de conformidade cos obxectivos do Programa Erasmus+ e coa normativa vixente de aplicación.

O centro educativo:

CÓDIGO

NOME

CONCELLO

PROVINCIA

súmase a este Consorcio de mobilidade Erasmus+ dirixido por esta Consellería nos seguintes termos:

1. A subvención das mobilidades cobre o transporte transnacional e seguros.

2. Este centro, como calquera organización que executa actividades de mobilidade en Erasmus+, adhírese a un conxunto común de Normas de Calidade Erasmus. As Normas existen para garantir a todas as persoas participantes unha boa experiencia de mobilidade e resultados de aprendizaxe, e para asegurarse de que todas as organizacións que reciben financiamento están a contribuír aos obxectivos do programa. Estas Normas foron publicadas pola Comisión Europea no documento Normas de Calidade Erasmus nos ámbitos da educación de persoas adultas, formación profesional e educación escolar en abril de 2020.

3. A execución de todas as actividades financiadas no marco desta acción debe cumprir as Normas de Calidade Erasmus. As Normas de Calidade Erasmus abarcan prácticas de execución concretas para as tarefas do proxecto, por exemplo a selección e preparación das persoas participantes, a definición, a avaliación e o recoñecemento dos resultados de aprendizaxe, a posta en común dos resultados do proxecto etc. Para consultar o texto íntegro das Normas de Calidade Erasmus, pode accederse á seguinte ligazón no sitio web da Unión Europea:

https://erasmus-plus.ec.europa.eu/sites/default/files/2021-10/erasmus-quality-standards-mobility-nov-2020_es.pdf

4. A institución coordinadora do Consorcio é a Consellería a través da asesoría de Internacionalización da educación da Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa. Administrará os fondos recibidos para o desenvolvemento do proxecto e adxudicará o número de mobilidades para cada centro. Así mesmo, proporcionará os modelos de documentación necesarios para o desenvolvemento do proxecto. e centralizará os trámites dirixidos á Axencia Nacional (SEPIE).



5. O centro educativo comprométese a:

- a. Xestionar documental e economicamente, así como xustificar, de acordo coas directrices establecidas pola Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa as mobilidades adxudicadas.
- b. Empregar a plataforma virtual de xestión habilitada pola Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa.
- c. Realizar o rexistro na plataforma da Comisión Europea e as xestións administrativas necesarias para formar parte dun consorcio Erasmus, co apoio do Servizo de Innovación e Programas Educativos.
- d. Asinar o Formulario de Adhesión para os beneficiarios Erasmus.
- e. Recoller a participación, planificación e avaliación do programa na Programación Xeral Anual do curso 2026-27.
- f. Constituír un Equipo Erasmus no centro educativo ao inicio do curso 2026-27. Este Equipo Erasmus estará composto polo menos por dous membros, un dos cales deberá pertencer ao equipo directivo. A dirección de cada un dos centros educativos seleccionados nomeará unha persoa coordinadora do equipo Erasmus+ que, en colaboración co Servizo de Innovación e Programas Educativos, será a persoa encargada de coordinar as actuacións descritas no apartado quinto, referido aos compromisos dos centros seleccionados. O Claustro, e ao Consello Escolar serán informados da constitución deste Equipo Erasmus.
- g. Se fose o caso, buscar o centro socio de acollida das mobilidades do alumnado. Manter co socio de acollida un contacto regular, acordar as actividades de mobilidade, preferentemente en réxime de reciprocidade, e coordinarse con este para o bo desenvolvemento



das mobilidades.

- h. Seleccionar o alumnado participante mediante un procedemento transparente, xusto e integrador: publicar en lugar visible os requisitos e criterios de participación e a listaxe numerada de alumnado admisible clasificado, seguindo a orde de maior a menor puntuación obtida, e numerando o alumnado non seleccionado nunha listaxe de reserva. Para este efecto, crearase unha comisión de selección no centro educativo.
- i. Adquirir, seguindo as indicacións do Coordinador do Consorcio, os billetes e os seguros para a realización das mobilidades do seu centro.
- j. Realizar o seguimento das mobilidades: titorizar ao alumnado participante; resolver as incidencias que poidan xurdir, antes, durante e despois da mobilidade; comunicarse directamente co alumnado participante e coas súas familias; e manter a estas actualizadas; e comunicarse co centro de acollida para resolver as posibles incidencias. Así mesmo, se é o caso, titorizará ao alumnado de acollida. Para isto, o centro disporá dun teléfono móbil para a atención durante as 24 horas durante a celebración das mobilidades.
- k. Recoller e custodiar toda a documentación do desenvolvemento das mobilidades.
- l. Asistir ás reunións do Consorcio que se convoquen.
- m. Colaborar na difusión do proxecto.

Asinado por

En

, na data da sinatura dixital.